



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 26 DE XANEIRO DO 2023.

Sesión 01/2023-P

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D^a María Nogareda Marzoa (AV)</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM) D^a María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira (SM) D^a Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luísa Rúa Prieto (SM) D^a María Soraya Salorio Porral (PP) D^a María José García Freire (PP) D. José Luis Tellado Villares (PP) D. José Luis García Pazos (PP) D. Sergio García López (PP) D^a María Pardo Fafián (PSOE) D. Ramiro Blanco Montero (PSOE) D^a Laura Rodríguez Pena (BNG) D^a Sara Arrojo Dueñas (BNG) D. Breogán Blanco González (AV)</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 26 de xaneiro do 2023, baixo a presidencia da sra. alcaldesa D^a María Nogareda Marzoa, asistida pola secretaria da Corporación D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen-se os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte orde do día.</p>
--	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión a Presidenta, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de xaneiro do 2023 do Concello de Sada.

1º.- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL NÚMERO 29 REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CON POSTOS NO FEIRÓN SEMANAL NO CONCELLO DE SADA.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 19 xaneiro do 2023, que recolle:

«**Primeiro.**- Modificar os artigos 7 e 8 da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola ocupación da vía pública con postos para a feira semanal -feirón- no concello de Sada dando nova redacción nos seguintes termos:

Artigo 7. Devindicación

A taxa devindicarase:

a) Para os postos con licenza municipal, devindicarase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se outorgue a licenza municipal para a ocupación da vía pública con motivo do feirón semanal, liquidándose semestralmente.



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000001

b) Para os postos ocasionais, devindicase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se outorgue a autorización para o período solicitado e aboarse antes da retirada da autorización. A liquidación corresponderá a cota tributaria segundo o artigo 6 rateada polo período concedido.

Artigo 8. Normas de xestión

A xestión das licenzas municipais e autorizacións ocasionais para ocupación da vía pública con postos e barracas con motivo da celebración do feirón semanal no concello de Sada se rexerá polo establecido na Ordenanza Reguladora da venda ambulante do concello de Sada.

A taxa pagarase no primeiro mes do semestre correspondente para os postos con licenza municipal. No caso de autorizacións ocasionais o pago da taxa se efectuará previamente á entrega da autorización municipal.

Co obxecto do pago da taxa emitirase unha liquidación polo período correspondente, e o pago realizarase unicamente coa carta de pago facilitada a tal fin ou domiciliación bancaria a solicitude do interesado.

Segundo.- Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se produciran».

Debátese o asunto, coas intervencións do sr. Tellado Villares (PP), concelleiro delegado de Cultura, Comercio e Turismo; da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); da sra. Taibo Fernández (SM) e novamente do sr. Tellado e da sra. Rodríguez.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Modificar os artigos 7 e 8 da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola ocupación da vía pública con postos para a feira semanal *-feirón-* no concello de Sada dando nova redacción nos seguintes termos:

Artigo 7. Devindicación

A taxa devindicase:

a) Para os postos con licenza municipal, devindicase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se outorgue a licenza municipal para a ocupación da vía pública con motivo do *feirón* semanal, liquidándose semestralmente.

b) Para os postos ocasionais, devindicase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se outorgue a autorización para o período solicitado e aboarse antes da retirada da autorización. A liquidación corresponderá a cota tributaria segundo o artigo 6 rateada polo período concedido.

Artigo 8. Normas de xestión

A xestión das licenzas municipais e autorizacións ocasionais para ocupación da vía pública con postos e barracas con motivo da celebración do *feirón* semanal no concello de Sada se rexerá polo establecido na Ordenanza Reguladora da venda ambulante do concello de Sada.

A taxa pagarase no primeiro mes do semestre correspondente para os postos con licenza municipal. No caso de autorizacións ocasionais o pago da taxa se efectuará previamente á entrega da autorización municipal.

Co obxecto do pago da taxa emitirase unha liquidación polo período correspondente, e o pago realizarase unicamente coa carta de pago facilitada a tal fin ou domiciliación bancaria a solicitude do interesado.

Segundo.- Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se produciran.



2º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA XERAL MUNICIPAL SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E SEGURIDADE VIARIA.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 19 xaneiro do 2023, que recolle:

«**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Xeral Municipal sobre Tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria engadindo os seguintes artigos:

Artigo 34 bis. Reservas especiais persoas con mobilidade reducida.

1. Poderán establecerse reservas para unha matrícula no caso de que por necesidades especiais e excepcionais, que deberán xustificarse, fose preciso o uso en exclusiva dunha praza de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.
2. Xustificarse na solicitude a especial casuística do afectado así como da praza en cuestión da que se solicita a reserva, e realizarse un informe polos servizos sociais municipais sobre a dita excepcionalidade.
3. Concederse por resolución de alcaldía a dita reserva que terá carácter indefinido mentres perduren as circunstancias que causaron a súa solicitude. Na sinal ou en cartel complementario sinalarase a matrícula xunto co horario de reserva, que poderá ser de 24 horas ou nunha franxa horaria.

Artigo 38 bis. Permisos especiais de estacionamento en zonas de carga e descarga.

1. Co fin de atender a causas diversas que aconsellen en determinados casos moi especiais a concesión de permisos que faculen a determinados vehículos o estacionamento en lugares e horario reservados á carga e descarga poderán concederse permisos de estacionamento por resolución de alcaldía, que serán de dúas clases:

a) De vixencia anual.

b) Para un caso específico nunha soa utilización.

2. Para a concesión deste tipo de permisos-tarxeta atenderase ás seguintes causas:

a) Vehículos destinados ao servizo de autoridades estatais, rexionais, provinciais ou locais.

b) Vehículos oficiais de organismos estatais, rexionais, provinciais ou locais no exercicio das súas funcións.

c) Vehículos de empresas prestameiras de servizos públicos municipais no caso urbano para o desenvolvemento das súas funcións.

d) Outro tipo de vehículos a xuízo da Alcaldía.

En todo caso, a concesión do permiso será potestativo por parte da Alcaldía e haberá de solicitarse por rexistro de entrada especificando o vehículo e a xustificación da casuística á que se pretenda acoller.

3. Unha vez concedido o permiso o beneficiario colocará en lugar visible no parabrisas un papel coa seguinte información: código cvd que figura no lateral da comunicación recibida e que permitirá á Policía local comprobar na sede electrónica o mesmo, así como a hora de inicio do estacionamento. No caso de tratarse de empresas prestameiras de servizos públicos municipais sinalarase tamén a duración do servizo.

4. O permiso permitirá ao seu titular co vehículo adscrito ao mesmo o estacionamento durante unha hora como máximo nas reservas de carga e descarga sinalizadas na vía pública, excepto que se trate do suposto previsto na letra c) do apartado 2 deste artigo, que permitirase o estacionamento ata que remate a prestación do servizo, previamente sinalizada conforme ao apartado anterior.

5. No caso de empregar incorrectamente o dito permiso a Policía Local poderá propoñer á alcaldía a anulación do mesmo.

6. Os permisos de unha soa utilización concederanse en casos moi excepcionais para necesidades públicas ou privadas non habituais a xuízo da alcaldía, que poderá solicitar informe previo da Policía Local.

Segundo.- Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se produciran».

Debátase o asunto, coas intervencións da sra. Salorio Porral (PP), concelleira delegada de Servizos Sociais, Saúde e Infraestruturas; da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); do sr. Fariña Andrade (SM), quen anuncia a abstención do seu grupo e da presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (5 PP, 2 PSOE 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 6 SM.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:



Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Xeral Municipal sobre Tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria engadindo os seguintes artigos:

Artigo 34 bis. Reservas especiais persoas con mobilidade reducida.

1. Poderán establecerse reservas para unha matrícula no caso de que por necesidades especiais e excepcionais, que deberán xustificarse, fose preciso o uso en exclusiva dunha praza de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.
2. Xustificarse na solicitude a especial casuística do afectado así como da praza en cuestión da que se solicita a reserva, e realizarse un informe polos servizos sociais municipais sobre a dita excepcionalidade.
3. Concederáse por resolución de alcaldía a dita reserva que terá carácter indefinido mentres perduren as circunstancias que causaron a súa solicitude. Na sinal ou en cartel complementario sinalarase a matrícula xunto co horario de reserva, que poderá ser de 24 horas ou nunha franxa horaria.

Artigo 38 bis. Permisos especiais de estacionamento en zonas de carga e descarga.

1. Co fin de atender a causas diversas que aconsellen en determinados casos moi especiais a concesión de permisos que faculden a determinados vehículos o estacionamento en lugares e horario reservados á carga e descarga poderán concederse permisos de estacionamento por resolución de alcaldía, que serán de dúas clases:

a) De vixencia anual.

b) Para un caso específico nunha soa utilización.

2. Para a concesión deste tipo de permisos-tarxeta atenderase ás seguintes causas:

a) Vehículos destinados ao servizo de autoridades estatais, rexionais, provinciais ou locais.

b) Vehículos oficiais de organismos estatais, rexionais, provinciais ou locais no exercicio das súas funcións.

c) Vehículos de empresas prestameiras de servizos públicos municipais no caso urbano para o desenrolo das súas funcións.

d) Outro tipo de vehículos a xuízo da Alcaldía.

En todo caso, a concesión do permiso será potestativo por parte da Alcaldía e haberá de solicitarse por rexistro de entrada especificando o vehículo e a xustificación da casuística á que se pretenda acoller.

3. Unha vez concedido o permiso o beneficiario colocará en lugar visible no parabrisas un papel coa seguinte información: código cvd que figura no lateral da comunicación recibida e que permitirá á Policía local comprobar na sede electrónica o mesmo, así como a hora de inicio do estacionamento. No caso de tratarse de empresas prestameiras de servizos públicos municipais sinalarase tamén a duración do servizo.

4. O permiso permitirá ao seu titular co vehículo adscrito ao mesmo o estacionamento durante unha hora como máximo nas reservas de carga e descarga sinalizadas na vía pública, excepto que se trate do suposto previsto na letra c) do apartado 2 deste artigo, que permitirase o estacionamento ata que remate a prestación do servizo, previamente sinalizada conforme ao apartado anterior.

5. No caso de empregar incorrectamente o dito permiso a Policía Local poderá propoñer á alcaldía a anulación do mesmo.

6. Os permisos de unha soa utilización concederanse en casos moi excepcionais para necesidades públicas ou privadas non habituais a xuízo da alcaldía, que poderá solicitar informe previo da Policía Local.

Segundo.- Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se produciran.



3º.- DERROGACIÓN ORDENANZA PPCNT POLO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL FLORITA.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 19 xaneiro do 2023, que recolle:

«**Primeiro.**- Derrogar a Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributaria polos servizos da escola infantil Flora Ramos “Florita”.

Segundo.- Exposición do dito acordo no Boletín oficial da provincia e no taboleiro do Concello, por prazo mínimo de 30 días, dentro do que os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas».

Debátase o asunto, coas intervencións da presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV), da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); da sra. Salorio Porral (PP); do sr. Portela Fernández (SM) e da presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Derrogar a Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributaria polos servizos da escola infantil Flora Ramos “Florita”.

Segundo.- Exposición do dito acordo no Boletín oficial da provincia e no taboleiro do Concello, por prazo mínimo de 30 días, dentro do que os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

4º.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2023 (solicitude xeral).

A sra. Presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV), aclara unha cuestión de orde exposta polo sr. Portela Fernández (SM), no senso de que a xustificación da urxencia relativa ao POS, non incluído na orde do día, ha ser única, porque é a mesma, mais hase tratar o POS social separadamente (no punto seguinte).

Seguidamente xustifica a urxencia indicando que o prazo para a presentación remata agora a mediados de febreiro e para non ter que realizar un pleno extraordinario.

A continuación procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade.

Consta no expediente a proposición da alcaldesa do 24 de xaneiro do 2023, que recolle:

«**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2023**

Proponse ao Pleno deste concello, a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2023”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2023”, “achega provincial 2022” e “préstamo provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

Deputación



Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	287.437,21
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	0
Subtotal gasto corrente	287.437,21

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2023					0

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Campo fútbol de céspede artificial no recinto deportivo municipal de Carnoedo	202.005,44	306.194,54	0	306.194,54	508.199,98
Subtotal investimentos achega provincial 2022	202.005,44	306.194,54	0	306.194,54	508.199,98

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

1.Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda
	0
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	0

1- Resumo:

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	287.437,21			287.437,21
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)	0			0



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000001

B- INCREMENTOS	<i>Achega 2023</i>					0
	<i>Achega 2022</i>	202.005,44	306.194,54	0	306.194,54	508.199,98
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	<i>Préstamo 2023</i>					
D- TOTAL	<i>Achega 2023</i>	287.437,21				287.437,21
	<i>Achega 2022</i>	202.005,44	306.194,54	0	306.194,54	508.199,98
	<i>Préstamo 2023</i>	0				0
	TOTAL	489.442,65	306.194,54	0	306.194,54	795.637,19

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúe o investimento, unha vez actualizados os prezos do proxecto técnico, financeiramente sostible que a continuación se indica, renunciando a súa inclusión no Adicional 2 ao POS+2020 por non dispor da achega municipal, e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<i>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)</i>	<i>(A) Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)</i>	<i>(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)</i>	<i>(C= A-B) Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible)</i>
<i>Substitución de redes principais e as súas acometidas, instalación de novos servizos e pagimentacións na: Praciña da Mariña, Rúa Oriente e Rúa do sol, en Sada</i>	201.436,65		
TOTAIS	201.436,65		

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente».

Introducido pola presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV), débete o asunto coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG); do sr. Portela Fernández (SM); da sra. Pardo Fafián (PSOE); da sra. Salorio Porral (PP); do sr. Fariña Andrade (SM); da presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV); novamente do sr. Fariña, da sra. presidenta e do sr. Portela.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2023”, “achega provincial 2022” e “préstamo provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	287.437,21
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	0
Subtotal gasto corrente	287.437,21

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total Concello	
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)		
Subtotal investimentos achega provincial 2023					0

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total Concello	
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)		
Campo fútbol de céspede artificial no recinto deportivo municipal de Carnoedo	202.005,44	306.194,54	0	306.194,54	508.199,98
Subtotal investimentos achega provincial 2022	202.005,44	306.194,54	0	306.194,54	508.199,98

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

Redución de débeda con entidades financeiras:



Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda
	0
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	0

1- Resumo:

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	287.437,21				287.437,21
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)	0				0
B- INVESTIMENTOS	Achega 2023					0
	Achega 2022	202.005,44	306.194,54	0	306.194,54	508.199,98
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023					
D- TOTAL	Achega 2023	287.437,21				287.437,21
	Achega 2022	202.005,44	306.194,54	0	306.194,54	508.199,98
	Préstamo 2023	0				0
	TOTAL	489.442,65	306.194,54	0	306.194,54	795.637,19

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúe o investimento, unha vez actualizados os prezos do proxecto técnico, financeiramente sostible que a continuación se indica, renunciando a súa inclusión no Adicional 2 ao POS+2020 por non dispor da achega municipal, e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)	(A) Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(C= A-B) Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible)
Substitución de redes principais e as súas acometidas, instalación de novos servizos e	201.436,65		



pagamentacións na: Praciña da Mariña, Rúa Oriente e Rúa do sol, en Sada			
TOTAIS	201.436,65		

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

5º.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2023 (gasto social).

A presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV) indica como xa anunciara no punto anterior que a urxencia deste asunto, non incluído na orde do día, é a mesma que no punto antedito (que o prazo para a presentación remata agora a mediados de febreiro e para non ter que realizar un pleno extraordinario).

Seguidamente procédese á votación da urxencia deste asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade.

Consta no expediente a proposición da alcaldesa do 24 de xaneiro do 2023, que recolle:

«PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2023

Proponse ao Pleno deste concello, a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2023” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2023	83.835,85 €
---	-------------



GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2023	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
<p>a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.</p>	25.000,00 €		25.000,00 €	25.000,00 €	0,00 €
<p>b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adiccións, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero e aquelas persoas en risco de exclusión social, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p> <p>As axudas en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</p>	30.000,00 €		30.000,00 €	30.000,00 €	0,00 €
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS.</p> <p>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>			0,00 €		0,00 €
<p>d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e</p>			0,00 €		0,00 €



medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.					
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.			0,00 €		0,00 €
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.			0,00 €		0,00 €
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.			0,00 €		0,00 €
h) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.	20.000,00 €		20.000,00 €	20.000,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación	75.000,00 €	0,00 €	75.000,00 €	75.000,00 €	0,00 €
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
INVESTIMENTO	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.					
j) Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais	8835,85 €		8835,85 €	8835,85 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	8.835,85 €	0,00 €	8.835,85 €	8.835,85 €	0,00 €



	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	83.835,85 €	0,00 €	83.835,85 €	83.835,85 €	0,00 €
I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES				75.000,00 €	
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)					
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)				8835,85 €	
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2023 (I + II + III)				83.835,85 €	

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente».

Debátase o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); da sra. Salorio Porral (PP); do sr. Portela Fernández (SM); novamente da sra. Salorio, do sr. Portela e da presidenta.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2023" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2023		83.835,85 €			
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	PREVISIÓN DE GASTOS 2023	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
GASTO CORRENTE	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais	25.000,00 €		25.000,00 €	25.000,00 €	0,00 €



municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.					
<p>b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adicións, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero e aquelas persoas en risco de exclusión social, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p> <p>As axudas en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</p>	30.000,00 €		30.000,00 €	30.000,00 €	0,00 €
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS.</p> <p>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>			0,00 €		0,00 €
<p>d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.</p>			0,00 €		0,00 €
<p>e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.</p>			0,00 €		0,00 €
<p>f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.</p>			0,00 €		0,00 €
<p>g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de</p>			0,00 €		0,00 €



medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.					
h) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.	20.000,00 €		20.000,00 €	20.000,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación	75.000,00 €	0,00 €	75.000,00 €	75.000,00 €	0,00 €
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
INVESTIMENTO	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.					
j) Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais	8835,85 €		8835,85 €	8835,85 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	8.835,85 €	0,00 €	8.835,85 €	8.835,85 €	0,00 €
	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	83.835,85 €	0,00 €	83.835,85 €	83.835,85 €	0,00 €
I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES				75.000,00 €	
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)					
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)				8835,85 €	
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2023 (I + II + III)				83.835,85 €	

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.



6º.- ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA CONCESIÓN DA ZONA DE EL CURRUNCHO.

A presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV), xustifica a urxencia para tratar deste asunto, non incluído na orde do día, en que recibíuse un escrito da Demarcación de Costas de Galicia e remata o prazo concedido para contestar, sendo unha competencia plenaria.

Procédese á votación da urxencia deste asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade.

Consta no expediente a proposición da alcaldesa do 26 de xaneiro do 2023, que recolle:

«PROPOSTA DE ALCALDÍA ACEPTACIÓN PRÓRROGA CONCESIÓN DA ZONA DE EL CURRUNCHO

Por Orden ministerial do 17 de novembro de 2003 otorgouse ao Concello de Sada concesión para a ocupación de terreos en dominio público marítimo-terrestre con destino a canalización de pluviais, auga e alumado, rexeneración do solo urbano, saneo e replantado de arboleda na rúa da Playa.

Visto o escrito remitido pola Demarcación de Costas de Galicia o pasado 16 de xaneiro de 2013, no que se solicita a aceptación expresa polo pleno do concello da prórroga no caso de que o Concello siga interesado en manter a concesión ata o 30 de xuño de 2032.

Tendo en conta que é de interese para o Concello manter a dita concesión por ter realizado actividades nese espazo.

Propoño ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aceptar a prórroga da concesión da zona de El Currunchu ata o 30 de xuño de 2032, así como as condicións e prescricións da mesma.

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Demarcación de Costas de Galicia».

Debátese o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); do sr. Portela Fernández (SM); da presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV) e novamente do sr. Portela e da presidenta.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aceptar a prórroga da concesión da zona de *El Currunchu* ata o 30 de xuño do 2032, así como as súas condicións e prescricións.

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Demarcación de Costas de Galicia.

7º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 26 de decembro do 2022 (núm. 2092) ata o 22 de xaneiro do 2023 (núm. 125).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 26 de decembro (núm. 2092, do expediente 2022/G003/002208) ata o 22 de xaneiro do 2023 (núm. 125, do expediente 2023/G003/000109), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

B. Mocións.



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000001

Antes de entrar no coñecemento das mocións presentadas toma a palabra o sr. Fariña Andrade (SM), manifestando que por unha cuestión de orde e en nome dos grupos da oposición, BNG e Sadamaioría, a continuación dá lectura a un escrito pola solicitude da inclusión na orde do día por razón de urxencia da toma de coñecemento por parte da Corporación municipal da expulsión dos concelleiros do PSOE e da Alternativa dos Veciños.

Logo da lectura íntegra do devandito escrito, os concelleiros e as concelleiras dos grupos da oposición, os seis de Sadamaioría e as dúas do BNG, voluntariamente abandonan a sesión, sendo as 21.02 horas.

A presidenta indica entón que como non se teñen xustificadas as mocións presentadas procede pasar ao apartado de rogos e preguntas.

C. Rogos e preguntas.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) intervén segundo di por alusións para aclarar que a día de hoxe nin o seu compañeiro de grupo nin ela foron notificados de maneira fidedigna de expulsión ningunha, que non hai resolución, efectuando unha exposición de feitos e unha valoración para os efectos.

Logo dun comentario sobre o anterior, a presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV), manifesta que tiña algunhas cousas para lles dar resposta dos rogos e preguntas da sesión anterior pero que han quedar para outra sesión.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 06 minutos do día xoves 26 de xaneiro do 2023, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado da alcaldesa María Nogareda Marzoa, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.